

MORLAIX

Jaime Rosales, 2024

1479

ESTREA EN NUMAX: 14.03.2024 | V.O.S.E. | +12 | 124 min

Gwen, unha moza estudante de secundaria marcada pola recente morte de súa nai, pasa o seu tempo cun grupo de amigos, incluído o seu amante Thomas, un aprendiz de panadeiro. Cando Jean-Luc, un estudante parisino con vocación artística, se instala na zona, Gwen non oculta o seu problema, como se tivese ante si unha decisión clave na súa vida. Un día descobre no cinema unha película que parece inexplicablemente inspirada na súa propia vida.

«Un encantador exercicio de estilo sobre o amour fou e a paixón cinéfila»

Fernando Bernal, CINEMANÍA



Entrevista con Jaime Rosales: «Dei liberdade ao elenco para que expresen as súas ideas e opinións sobre a morte, a fe ou a felicidade»

Por Fernando Bernal

Parece que *Morlaix* conforma unha triloxía xunto a *Hermosa juventud* (2014) e *Girasoles silvestres* (2022) na que aborda personaxes femininos novos que se atopan ante decisións trascendentes na súa vida. É verdade que desde unha perspectiva sociolóxica o suxeito dos filmes son xente nova. Pero, por exemplo, pasa na pintura monárquica na que o suxeito son os reis, pero nada que teñen que ver Las meninas de Velázquez con El retrato de Enrique VIII, de Holbein. Esa triloxía que podes ver desde unha óptica sociolóxica non o é desde o punto de vista temático.

***Morlaix* pode ser o seu filme máis romántico. Pero trátase dun romanticismo entendido desde as construcións que a ficción, e en concreto do cinema, desenvolveu sobre o termo.** É certo que son cinéfilo, pero tamén tiven unha educación artística, filosófica ou literaria. E, ao final, todos estes referentes viven en min e é natural que agromen estas influencias. Ademais, tento facer películas moi orixinais, que as posibles referenzas que asumo e que mesmo celebro, se encontren dentro dun collage que sexa orixinal. Desde o punto de vista formal, na película vexo tres aspectos moi novedosos.

Desde o punto de vista da narración, o feito de que uns personaxes se encontren nunha situación e cunha dinámica dramática, que é unha caste de triángulo amoroso, vaian ao cinema e se vexan a si mesmos nunha historia racha a fronteira entre realidade e ficción. Son os mesmos actores, nas mesmas situacións e coa mesma estética. O novidoso é o lugar no que se coloca esta dobre ficción, até o punto de que durante a montaxe había escenas de película 'interior' que saíron ao 'exterior' e viceversa, sen que iso supuxese un problema de lexibilidade. Outro aspecto novidoso é que no filme conflúen tres técnicas de interpretación moi diferentes, que ao mesmo tempo se amalgaman.

Como dialogan entre elas? Hai escenas nas que existe un texto escrito e aprendido polos actores, igual que no teatro clásico. Hai outras que teñen algo máis de liberdade, que son máis líquidas. Teñen unha parte de dramaturxia definida, o texto está escrito, pero os actores poden improvisar bastante. É a técnica que empreguei máis nos meus filmes. E achego outra técnica, que consiste en que a través dos ensaios presento conversas sobre temas que defino eu, pero deixo liberdade ao elenco para que expresen as súas ideas e opinións. Cuestións que teñen que ver coa morte, a fe, a felicidade ou as decisións. Eu anoto o que din e logo reestruturo as escenas en base ás súas opinións, para que logo digan o que eles xeraron. E, por último, hai unha escena, a do cinefórum, na que eu chanto a cámara e doulles absoluta liberdade para falar do filme que estamos a facer. Son técnicas que van desde o texto puro de Shakespeare ao documental e, entre medias, son zonas grises.

Imaxino que a terceira innovación ten a ver coa combinación de distintos formatos, cor e aspect ratio do filme... Esas matrices non son un collage. Véñenme á mente películas de Tarantino ou Oliver Stone que fan acopio de determinadas matrices e forman un collage. Aquí hai unha matriz moi definida ao inicio, outra na segunda e outra na terceira parte. O relevante é que sendo un filme no que podería haber cambios por causa da dramaturxia, finalmente son trocos arbitrarios e non subordinados ao texto.